

Redescubrir a **poesía latina** a través de Raúl Gómez Pato



A Raúl Gómez Pato o que máis o fascina é reconstruír a historia e facelo a través da poesía e das técnicas poéticas. Trala experiencia de construír a peripecia e a liñaxe dunha avoengo galego en 'A casa deshabitada da familia Pena', Gómez Pato aproveita a súa experiencia como profesor de latín e ofrece un completo e variado catálogo de poemas de autores latinos, claro está apócrifos. O libro, publicado dentro da colección de poesía de Positivas, convértese así nun catálogo de estilos e formas que, a ben seguro, engaiolará o lector gracias á habilidade de Gómez Pato para actualizar os xiros clásicos cunha envolvente sintaxe actual,

perceptible tanto nas temáticas como na forma destes poemas. O obxectivo do autor foi, como el mesmo confesa, cubrir "ese século de Ouro que á Literatura galega lle falta" sen perder por iso a renda da inspiración e de espontaneidade, de xeito que os poemas xorden tanto desde a inspiración nos textos dos autores clásicos como dunha escrita previa que, posteriormente, encaixa nos autores apropiados, incluso inventándose el mesmo os autores ós que lle acaerían eses versos. Son textos estes de Gómez Pato que nos permiten descubrir a outra dimensión dunha poesía vencellada á base da nosa propia cultura.